



# TRABATEL

REVISTA EONAVIEGA DE LLITERATURA











# TRABATEL

REVISTA EONAVIEGA DE LLITERATURA

N.º I | OUTUBRE 2008

© dos textos: os autores

© da edición: Consejería de Cultura y Turismo

EDITA: Gobierno del Principao d'Asturias.

Consejería de Cultura y Turismo

PROMOVE: Consejería de Cultura y Turismo

COORDINA: Xosé Miguel Suárez Fernández

CONSEYO DE REDACCIÓN: Luis Casteleiro,  
Aurora García Rivas, M.ª Antonia Pedregal Montes  
y Xosé Miguel Suárez Fernández.

Maqueta: Mercedes Piñera

Diseño: Ámbitu

Fotografías: Alberto Suárez. [Feitas nos conceyos  
d'Ayande, Bual, Cuaña, Castripol, El Franco, Eilao,  
Grandas de Salime, Ibias, Navia, Pezós, Samartín  
d'Ozcos, San Tiso d'Abres, Santalla d'Ozcos, Tapia,  
Taramunde, A Veiga, Vilanova d'Ozcos y Villayón.]

Depósito de Llei: As-4.144-2008

Impresión: Gráficas Rigel

EXEMPLAR DE BALDRE



## Sumario

- 7 Presentación: Úas palabras pra empezar
- 9 Prólogo: Al aveiro d'un trabatel
- 11 Gol. **Ágata García Castro** [NARRACIÓN]
- 15 Poemas. **Moncho Martínez Castro** [POESÍA]
- 19 A venganza. **Aurora García Rivas** [NARRACIÓN]
- 21 Poemas. **Xosé Miguel Suárez Fernández** [POESÍA]
- 25 Recordos del último brao. **Manuel García-Galano** [NARRACIÓN]
- 27 Poemas. **Miguel Monteavaro** [POESÍA]
- 31 A casa da ponte. **Marisa López Diz** [NARRACIÓN]
- 33 Poemas. **Belén Rico Prieto** [POESÍA]
- [RESEÑAS]
- 39 Heráclito bañándose nel Porcía. **Ricardo Álvarez-Saavedra Combarro** [*Fruxes da nebra*, de Fredo de Carbexel]
- 43 Emoción y verdá. **Ignaciu Llope** [*Trinquilintainas*, d'Aurora García Rivas]
- 45 Días de garipola. **Ruth González Rodríguez** [*Terra de pataricos*, de María José Fraga]
- 47 Todo acabóu quizáis, aga el meu dolo. **José Manuel Martínez Castro** [*Contos, ducia e media d' eles*, d'Aurora García Rivas]
- 51 Poesía das cousas pequenas. **Ignaciu Llope** [*A terra esqueicida*, de Marisa López Diz]
- 53 Un mito de medo: a bruxa. **Rafael Cascudo Noceda** [*A bruxa*, de Miguel Solís Santos]
- 55 Contos pra participar. **Mónica Loza López** [*Cinco contos pra xogar coa música*, d'Aurora García Rivas]



# Úas palabras pra empezar

CONSUELO VEGA DÍAZ

*Directora Xeneral de Promoción Cultural y Política Lingüística*

A peculiaridá que supón escribir en galego-asturiano y as implicacións qu'esto ten na articulación axeitada d'un proceso de recuperación y promoción lingüística fain qu'a Conseyeiría de Cultura y Turismo considere oportuno axuntar a os escritores que trabayan nesta variedá lingüística.

Axuntalos físicamente na Veiga os días 3 y 4 d'outubre nun encontro qu'ha a valir pra fer balance y estudiar perspectivas y iniciativas novas, y axuntalos tamén nesta revista, *Trabatel*, que nace cua idea de poñer anualmente a disposición da sociedade asturiana el trabayo d'us escritores que convirten as palabras del poble en arte y en saber, que fain un bon servicio á comunidade, que ye proporcionan momentos pra nun esquecer, qu'axudan á súa xente a apreciarse nos sous costumes y na súa fala.

Nun hai duda de que na recuperación y dignificación del galego-asturiano ou fala, nel reforzamento da conciencia colectiva sobre el patrimonio qu'esta variedá representa pra os ciudadanos del Navia-Eo (peró tamén pr'Asturias toda), tein un papel esencial os escritores y escritoras. Úa lingua consérvase se a súa xente la fala, se la emprea sin complexos en todos os ámbitos, familiares ou formales, se la usa pra falar cos fijos... y tamén se hai un cultivo literario tan dinámico y con tanta proyección de futuro como el que se outía nesta publicación. Porque *Trabatel* exemplifica el cambeo y el progreso que d'us anos pr'acó se ta dando na literatura en galego-asturiano y pon de manifesto qu'esta actividá ten un sitio reconocible dentro da literatura asturiana actual. Deixa ver claramente que temos hoi nel occidente asturiano un colectivo de creadores con us esmolecimentos comúis y con úa conciencia del sou papel sociocultural.

Cousa búa y grande é estimar a propia fala, cultivala y fer qu'a xente se sinta digna con ela. Y esto é el que logran os escritores aquí recoyidos, que deixan ben patente qu'a literatura en galego-asturiano logrou nestos anos úa importante consistencia estética y intelectual. Einda máis, con este primeiro número da

revista *Trabatel* vai poñerse sin duda de manifesto que nun é posible retratar a moderna cultura asturiana sin fer referencia al puxante fenómeno literario en galego-asturiano.

A literatura en galego-asturiano pode ser úa realidade modesta en número, pero normal de todo en calidade. *Trabatel* nace hoi pra manter el lume literario da fala, da nosa fala.





## Al aveiro d'un trabatel



Hai palabras que naceron pra esqueicérense en dalgún carricovo das acordanzas. Úa d'ellas pode ser *trabatel*, ese augüeiro pequenín que vai derriba das ventás nas casas d'antias. Cua desaparición da nosa arquitectura tradicional tamén marchan, núa chía que lo arrastra todo, as palabras cuas que se falaba d'ella: esgonzos, machetas, tizóis, entayas, metóis, tabicas, cantiles, curumeiras, coucellas... Però chegamos a tempo, alomenos, pra salváremos úa del deboyo: espurrimos a mao y sacamos *trabatel*, einda pingando, del augua da memoria.

*Trabatel*, úa palabra pronunciada ben veces na boca dos carpinteiros mentres picaban nas llouxas pra poñer, a flor de fora das paredes, un aveiro que defendese as ventás del goteiral inclemente.

*Trabatel*, úa voz guapa que súa a madeira llabrada y a salea nel mar, un título sonoro, al xeito pra úa revista lliteraria que tamén quer ser aveiro, pequeno, pras nubes mouras qu'amenazan el futuro da llingua da terra.

Debaxo d'este *Trabatel* quere abrir úa ventá pr'a somáremonos a os carpinteiros que trabayan a palabra, esos homes y muyeres qu'aneían en erguer, pedra a pedra, úa lliteratura en gallego-asturiano. Anque os primeiros escritos lliterarios na nosa llingua tein xa máis de cen anos y empeza agora a conocerse en estudos y reedicións aquela primeira poesía, aquel primeiro teatro, el camín sigue hoi aberto pra cousas novas. É ben recordar que nos últimos vinte anos publicáronse máis d'úa trentena d'obras de creación tanto en prosa como en verso. Eso fala ben claro de qu'hai un peteiro de xente que vén puxando con agayo y que quer llevar al papel a guapura, a dureza, a esperanza, el amargura, a impaciencia, el alento das nosas palabras.

*Trabatel* quer apurrir un espacio pra esa lliteratura que se ta fendo agora en gallego-asturiano. Nas súas páxinas hai sito pras colaboracións en prosa y en verso da xente máis nova, però tamén d'escritores máis veteranos que siguen hoi trabayando polas nosas lle-

tras. El repaso ás novidades editoriais publicadas últimamente na nosa llingua é el outra misión da revista porque todo el que salía novo, incluíndo a lliteratura pra os máis pequenos, háseye a dar búa acoyida.

Nun resta máis que t'asomes a *Trabatel*. Neste número, que quer ser el primeiro d'un camín máis llargo, has a encontrar as palabras da túa casa feitas lliteratura. Dalgúas hanche a suar familiares, outras hanche a espertar recordos que pensabas que taban esquecidos y outras quizabes nin sabías d'ellas. Però todas, nun relato ou núa poesía, tán ei queréndote emocionar. Al cabo, eso é el que busca a lliteratura. Y a nosa, en *Trabatel*, querte emocionar na llingua da túa terra.





ÁGATA GARCÍA CASTRO (PIÑEIRA, CASTRIPOL, 1977) É HISTORIADORA Y TEN EXPERIENCIA NAS AULAS COMO PROFESORA DE GALLEGO-ASTURIANO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA. É ADEMÁIS ÚA GRAN NARRADORA, ANQUE TEÑA MUI POUCAS COUSAS PUBLICADAS. «PARADOXAS» FOI A PRIMEIRA NARRACIÓN QUE DEU A CONOCER NA REVISTA *Entrambasuauguas*, NEL N.º 19 (2003). AL OUTRO ANO GANÓU EL PREMIO XEIRA DE NARRACIÓIS CURTIAS COL RELATO «GOL», QUE VE A LLUZ A PRIMEIRA VEZ NESTAS PÁXINAS.

Maracaná quedóu mudo segundos antias de que Pelé marcase el penalti que supoñía el sou gol número mil. Naide s'atrevía a respirar, namáis esperaban el milagro del fútbol, el gol.

A os aficionaos del Vasco da Gama aquela derrota sópoyes a mel, a súa voz foi unha sola voz que, amecida á dos qu'animaban al Santos, estoupóu nun berro qu'alumóu a noite. Na república del fútbol coronaron al sou Rei y xuraron marchar al son da samba qu'él soupo tocaryes.

A nova d'aquel gol arrebolóuse pol mundo todo. Dende el pico de Montjuic, tabicando el arco españolista, Zamora axustóu a pucha, tiróu el pito y, cua velocidá cua qu'avezaba a apurar os coñás, sacóu de porta y deixóula cayer nas favelas de Río a os pés de Domingos. Sin présa (os xenios nun s'apurán), arteiro como pra xogar delante, pro feliz na retaguardia, Domingos acaricióu a bola que, antias de que naide se dese conta, xa esbaraba en Munich pol peto de Beckembauer. Sublime director d'orquesta, elegancia y poderío nel medio campo, el Kaiser soñóu a xogada y amasóula con mimo; cua precisión d'un reló suizo largóula máis aló del Atlántico, unde xa esperaba por ela Maradona. A barra brava del Boca aplaudíu al sou Pelusa, al sou Deus. Metro y medio feito rayo con un balón abicornao á zurda arrancóu *gambetiando* rivales y nun pase máxico qu'atravesóu el barruzo vizcaíno colocóu a pelota na cabeza de Zarra que, imaxinando delante d'él á *pérfida albión*, nun tuvo máis que peinala. A estiradísima d'Andrada, que chegóu a tocala, nun puido evitar qu'el gol se colase nos arradios de medio mundo.

Al predicador del fútbol local brilláronye os oyo condos escuitóu a nova. Foi como se de sutaque a maxa salise d'aquela xoya fiya de Marconi y brincase pol tapetín de ganchillo hasta os sous ouguidos. Como millóis de confesos da relixón del *fugol* (asina ye gustaba chamarye) levaba días esperando aquel prodixo, imaxinando el respigo de gusto da rede condos fose acariciada pola pelota. Ben é verdá qu'en ningún momen-

to pensara nun gol de penalti (Pelé tampouco), pro agora eso tanto tía.

Sonríuse, refregóu as maos, pasóu a lingua polos beizos, garróu a chaqueta y arrincóu camín da taberna narnexando pra sí el parzamique qu'iba botar entre vaso y vaso.

—El fútbol, amigos meus, échevos un arte.

Se el santo patrón de boxe qu'os homes levaban al lombo arrincase a correr tras dalgún moro fendo honor al sou alcuño, as caras dos presentes nun iban mudar d'aquela manera.

Nel alto del campín da igrexa, sin máis equipaxe qu'unha pelota debaixo del brazo, taba él. Fórase ás sabantismas había decinove anos igual que volvera, sin dar explicacióis. *Pra qué, á xente gústaye fabular, éche el prebe da vida, se se conta a verdá pérdese a gracia y el tempo.* Razón nun ye faltaba, da súa partida díxerose de todo: *deixa unha moza en estao, por eso se vai, pretende unha casada y el home da manfrúa enseñóuyee unha palagancha, vaise pra nun ter qu'ir a África.* Lo máis sensato díxeralo a ermá, que tanto na ida como na volta opinara lo mesmo. *É asina, nun ye hai que fer.*

Naquelos decinove anos as cartas chegaran de ralo en ralo, algunha á casa, algunha al vecín da porta, que pra eso se criaran xuntos y eran como ermaos. Pro había xa dous anos que nun sabían nada d'él, coméralo a terra. A ermá hasta tentada tuvera a ir levarye unhas misas al cura pro nunca xuntóu valor abondo: *Se nun morréu y s'entera, mátame.*

—¡Pra qué volviche, pra qué volviche agora? ¡Nun t'entendo!

—Volvín.

A sonrisa por resposta. Sempre fora asina, un zapiqueiro. Ademáis gustábaye nadar contracorrente, avezaba a dicir que tía alma de salmón. *Pol mundo nai-de sabe bailar os cachetíos.*

—¡Déixate de carayadas, Antón, nun me jodas! Tas tolo de todo. Nun sei, nun t'entendo. Nun sabes el que tas fendo. Medio país trata d'irse d'aquí, eu mes-

mo iscaría se pudese y tu volves agora. Entoliache. Xura Dios, entoliache.

—Parece que nun t'alegras muito de verme.

—Nun é eso, Antón, y ben lo sabes, pro tamos en guerra, coño, en guerra. Déldemo a ti, tu nun sabes el qu'és eso. Ben sabes que nun creo nel inferno, pro debe ser ben aparecido a esto. Alégrome tanto de verte, pro nun sei..., tas equivocándote. Sólo hai dúas cousas que puderon trete de volta, sólo dúas cousas ye poden fer perder asina a cabeza a un home: el amor y el medo. Nunca tuviche medo a nada...

—Namáis al amor.

—Namáis. Pro esa penitencia xa la cumpriche, esto nun lo entendo.

—Nun teis nada qu'entender. Eu volvín y punto, nun hai máis que falar.

Pra muitos fía dous anos qu'a hestoria empezara a escribirse con ringuileiras tortas, ningún se figuraba qu'el pizarrín había dar tanto de si. Lo que parecía que nun iba ser máis qu'unha turbonada de brao nun día calabrión acabóu sendo un inverno perpetuo. As xeladas da ignorancia botaron a perder a libertá y el cerzo cubríu un Outiar de misa diaria, *via crucis* de fame y frío.

Os nenos que lo viran parecer nel medio da procesión pensaron qu'aquel debía ser el sou profeta y nel balón que traguía consigo viron al báculo divino qu'iba enseñaryes el camín da risa. Ta de máis dicir que nun ye costóu caro ningún evanxelizar os rapaciós. Cada bote de balón era un peixe dibuxao nel tarrén das catacumbas, cada regate un *pater nostrum* feliz entre os orfos que deixaba a infamia, cada carreira un rosario máis chen d'ilusióis que de misterios, cada gol a resurrección d'un soño.

Nun fixo falta esperar sete días. Pra os nenos d'Outiar fíxose a luz aquel 25 de xuyín de 1938 nel mesmo momento en qu'el balón empezóu a rodar. Nos sous pizarríos 1938 quedóu emborronao pola morte del padre que nunca cruzóu el Ebro, polos golpes que levaba a madre cada vez que vían buscala os civiles, polas



balas que romperon as canas da figueira, pol bolo que nun soupo saludar, pol medo, pola fame, pol frío..., pro aquela pelota vida de tan lonxe, aquel balón redondo como el mundo, axudóuyes a enderezar a caligrafía das súas vidas, das súas hestorias.

A golpes de *fugol* aprenderon literatura, xeografía, gramática, hestoria..., todo lo qu'a escola escondía nel guichueiro de lo prohibido, todo lo que don Eufrasio limitaba a rezos y aprendizaxes memorísticos, xogando fíase redondo como a lúa, como a verdá, como a pelota.

Souperon que mui cerca, al outro lao da fronteira, había unha ciudá chamada París, pro pra eles deixóu de ser un refuxo de *rojos* (asina ye chamaban na escola) pra pasar a ser el sito máxico unde se xogara aquel ano el mundial. Enseñóuyes que, como él dicía, *el fugol é un arte* y nun entende de política. Por eso condo os nazis asesinaron a os xogadores del Dínamo de Kiev que s'atreveran a vencelos, en Outiar, furtivos y felices, os nenos xogaron un partido homenaxe ás vítimas y al fútbol. *A merda, al fugol, sempre ye vén de fora*. Y asina, a golpes de balón, Antón salvóuyes a vida y a acordanza.

A os fiyos d'aquelos nenos, a min, forxóume a memoria futbolística. Nomes míticos que nunca puiden ver enriba del campo corren pola mía imaxinación gracias a él. Nunca soupen se el que nos contaba era verdá, ¡pro era tan guapo! Cómo nun íbamos crerye que condo nos xogos olímpicos de 1924 Cesáreo Onazari por primeira vez na hestoria metéu un gol directamente al sacar d'esquina, él taba alí. ¡Contábalo tan ben! Apartéime tantas veces (nun fose ser que me dese) condo contaba con qué forza ye pegaba

Perucho Petroni á bola... Tanto y tan ben lo contaba qu'empezo a crer qu'eu tamén tuven con él nel mundial d'Urugúai nel 30.

Lo que máis gracia me fía era cómo contaba el gol de Zarra a Inglaterra. *Dicen que condo ganamos houbo ún que chamóu a Franco y díxoye: «Escelencia, hemos vencido a la Pérfida Albión»*. ¡Coño, xa era hora despós de 312 anos! Y lo que máis feliz lo fía era cantarnos unha y outra vez el gol mil de Pelé, a coronación del Rei, ese penalti mil veces escuitao nel arradio da súa cocía.


Nunca me vai esqueicer a súa voz condo berraba: *¡Si, ho, si, el fugol inventáronlo os ingleses, pro en América enseñáronye a bailar!*

Nun houbo flores nel sou enterro. *Deixádevos de mariconadas, eu a San Pedro hei a camelalo con unha chilena. A min mandáime unha pelota*. Y asina se foi, como vera, con unha pelota de fútbol debaxo del brazo. Y a ermá, como sempre: *É asina, nun ye hai que fer*.

Antón foi a memoria viva del fútbol en Outiar, por eso hoi, mentres ouguíamos a caixa arrastrarse hacia el fondo del nicho, eu, cua camiseta albiceleste vestida y as lágrimas correndo a banda dos meus papos, nun puiden remedialo y berréi: GOOOOOOOOOOOOL.

Conózome y sei que son un folgazán, por eso hoi escribo estos ringlóis, pra que nun m'esqueiza qu'algun día hei a sentarme y torniar nel papel a hestoria d'Antón como merece. Y asina lo firmo, en Outiar, a 24 d'abril de 1983.

Camilo Quintana.





MONCHO MARTÍNEZ CASTRO (AS FIGUEIRAS, CASTRIPOL, 1979) EMPEZÓ NA LLITERATURA PUBLICANDO NEL ANO 2003 UN PRIMEIRO POEMARIO NEL VOLUME QU'EDITÓU EL ASOCIACIÓN EL TEIXO, DE BARRES, COS GANADORES DA PRIMEIRA EDICIÓN DEL PREMIO AIRA DE POESÍA NA FALA. POESÍAS D'ÉL TÁN RECOYIDAS EN ANTOLOXÍAS COMO *Unde letras falan* (2006) y *Na boca de todos* (2006). TEN TAMÉN DALGÚA COLABORACIÓN EN PROSA PUBLICADA NA REVISTA *Entrambasauguas*, ADEMÁIS DE DIRIXIR EN INTERNET EL PORTAL FALAVIVA (FALAVIVA.NET). AGORA PREPARA A PUBLICACIÓN D'UN LLIBRO DE POESÍA, *Cartografía de nayundes*, DEL QU'ESCOYÉMOS DALGÚAS POESÍAS COMO ADELANTO.

Quixen ser fotografo y nun puiden  
porque úa imaxe vale máis que mil palabras  
y el mundo hai que velo dende dentro.


Así qu'aquí me tedes  
dibuxando  
os mapas da miseria.

Se eu tuvera fame  
nun había ser cartógrafo de nada.

## Stevenson

Din a volta  
y topéime de frente col Isla del Tesouro.  
Alí taba Long John Silver  
entre as penas y os árboles que brillaban.

¡Ah...! Quén fora sirena  
pra barrancar nas prayas de máis lonxe.  
Quén fora pirata  
pr'asaltar polas noites os labios da túa ventá.





## Resumindo

Nun che me considero un ser impresentable  
—que nesta vida de cayes baleiras  
xa é algo—.

Acórdome  
—debía de ter catorce anos—  
d'un home que ye dixo a mía madre:  
«lo importante é que sían búa xente».  
Y cumprínlo —penso que dafeito—.



## *Terra de nayundes*

¿Qué terra é esa?  
Unde solo tein nubres baxas nas casas  
y ventos que xelan as almas.

¿Qué terra é esa?  
Que pode tar tranquila  
mentras choran  
os oyos da inocencia.

¿Qué terra é esa?  
Unde se ve miseria nas cayes  
y naide s'agacha a coyela.

Non, esa nun é a mía terra,  
ha ser terra de nayundes.



# A venganza

AURORA GARCÍA RIVAS

AURORA GARCÍA RIVAS (A ANTIGUA, SAN TISO D'ABRES, 1948) CHEGÓU CON FORZA AL PANORAMA DA LLITERATURA EN GALLEGO-ASTURIANO TANTO EN PROSA COMO EN VERSO. GANADORA EN 2002 DEL PREMIO ANTONIO RAYMUNDO IBÁÑEZ, MARQUÉS DE SARGADELOS, Y DEL PREMIO XEIRA DE NARRACIÓIS CURTIAS EN 2003, NEL SOU PRIMEIRO POEMARIO, *O viaxeiro da noite* (2004), ANUNCIABA QU'A SÚA VOZ CHEGABA PRA QUEDAR DAFEITO COMO PARTE IMPRESCINDIBLE DA NOSA POESÍA. COL SOU SEGUNDO LLIBRO DE POEMAS, *Tringulintainas* (2007), VÉN A CONFIRMALO. PERÓ TAMÉN É ÚA NARRADORA MUITO BÚA COMO DEMOSTRA EL SOU LLIBRO DE CONTOS *Contos, ducia e media d'eles* (2007) OU EL OBRA INFANTIL QUE PUBLICÓU ESTE ANO: *Cinco contos pra xogar coa música*.

Pedro tiróu unha pedra ó cristal da ventá da cuchiña de Lola. Era a seña. Lola, a nena dos veciños, despóis de coller o botixo de barro, salúu hasta o camín pra ir con Pedro á fonte.

—Eu hei d'encher primeiro —dixo ela, alto abondo pra que Pedro a oíra.

—Bueno.

Pedro siguíu sacudindo as flores dos nabos da semente qu'había á veira do carreiro, coa vara que levaba na mao, como se nada. E mentras, chifraba como un páxaro ceibe e nun dicía palabra.

A unhos trinta metros da fonte, o neno botóu a correr deixando a Lola atrás, coa boca aberta, chea de rabias e tan doente como se lle roubaran un tesouro. Sintíu máis a burla y a traición que toda a augua que tivera a fonte. O pícaro chegou á fonte e sacóu o corozo que tapaba o cano pra que se fora xuntando a pouca augua qu'había e nun se derramara nin unha gota, qu'aquel brao era mui seco y había qu'aproveitala como é debido. Enchéu o seu garrafón con aquel primeiro chorro, o único, mentras a fonte iba rebendo y acababa pingando un fío delgadín sin forza ningunha. Pra Lola nun quedaban máis qu'as baballas y un pingarelín co que nun podería encher o botixo en dúas horas. Taba rabiosa.

Sin pensalo, agarróu un torrón qu'había cerca d'alí e tiróullo a Pedro á cabeza. Ela nun podía supoñer que dentro do torrón había un gouño escondido. Pedro empezóu a sangrar como un coche debaixo do cuitelo do matachín y ela nun soupo qué facer. Púxo-se a chorar mentras o seu amigo berraba como se o tuveran espelexando vivo e corría camín da casa chamando a súa mai.

Aquel día Lola levóunas ó xeito. Primeiro zurróuna a mai de Pedro, que foi atopala camín da fonte, e despóis seu pai, sin que naide a escuitara sequera. Sintíu a inxusticia tan dentro da súa alma, que se foi pró pasadoiro do horto agardar ó tren qu'había de pasar d'alí a pouco, mentras sonaba os mocos co mantelo e botaba as guedellas pr'atrás, todas cheas de terra e



lágrimas. Sintía un dolor xordo, choraba ós berros pra qu'a sintiran, hipaba, choraba caladiña e triste, choraba sin parar... Naide lle facía caso. Nin o tren que pasaba ó outro lado do Eo, camín da Pontenova, lle parecéu aquel día guapo e misterioso como outras veces. Nin o ceo tiña as nubes coa forma d'ovellas, nin a herba olía ben, nin as flores do malvarisco eran nada máis que flores corrientes no pico das varas, ó pé da parede do horto... Lola choraba sin consolo ningún, doída e sola. Naide lle facía caso.

Nestas, quedouse calada un bocadín, mirando pras berzas da mai de Pedro, tan igualiñas, tan verdes, tan guapas, depenadas con tantísimo cuidado naqueles dous carreiros d'horto qu'había arrimados ó de seu. Nun soupo cómo, empezoulle a ferver na cabeza a maneira de vengarse d'aquelas dúas inxusticias, d'aquelas dúas panadeiras que lle deran sin culpa ningunha. Miróu pras berzas, levóu os ollos ós coeiros, xa gordos abondo naquel tempo, e calculóu que ben podía arrancalos coas maos. Arrancar os coeiros da veciña metéuselle na cabeza ó mesmo tempo que discurría a maneira de que nun s'enteraran, porque se non habían de matala.

Ó outro día, pola mañá ben cedo, case de noite aínda, despertóu coa cara toda entumecida de chorar, cando sintíu a súa mai reñir coa mai de Pedro na cucuña. Súa mai taba mui gafa. Sintíuna falar con muita calma pro mui firme, dicía que Lola xa tuvera abondo a víspera. Tampouco lle había de pegar máis nai-

de, e menos por algo qu'ela nun fixera. Xa taba ben. A súa nena nun era tan fata como pr'arrancar as colas da veciña y arrancar tamén as da casa. Xa podía a mai de Pedro enterarse de quén lle arracara as colas, qu'a ela tanto lle daba. Lola nun fora. E se non que mirara tamén o seu horto, que tamén lle arrancaran unha chea d'elas. Se taba tola naide lle tiña a culpa. Y á súa nena, ela nun lle tocaba, porque se non ela mesma, coas súas maos, había d'arrancarlle os pelos todos da cabeza.

—E xa ta ben, Lola nun foi. Y acabóuse.

Como a veciña seguía coa súa cantinela, a mai de Lola acabou mandándoa á merda no medio de tales berros que Lola nun podía nin respirar, petáballe o corazón entre as costelas como a máquina de coser de mamá. Lola sintíu cómo súa mai botaba fora á veciña e lle zarraba a porta nos fuciños, mentras a outra xuraba polo corral abaixo amenazando a Lola y espantando as pitas.

Lola respiróu tranquila cando nun sintíu falar a naide máis. Fíxose un rebullín entre a roupa quentiña da cama, sintíu unha ventoleria de gusto polas tripas, unha cousa mui dulce polo peito, tapóu a cabeza e, na escuridá, brilláronlle os ollos con unha luz tan guapa que ningunha mariposa podería selo máis. Sonríu despacín, enguruñouse outro pouco, sintíu outra vez o calor cariñoso das sabas e, sin ningún remordemento na conciencia e ningún peso no corazón, volvéu adormecer.



# Augua mansa

XOSÉ MIGUEL SUÁREZ FERNÁNDEZ (MÁNTARAS, TAPIA, 1965) PUBLICÓU EL SOU PRIMEIRO LLIBRO DE POEMAS, *Bidureiras d'inverno*, EN 1990. DESPÓIS D'ÉL VERON *Nas arribadas* (1994) Y DALGÚAS OUTRAS POESÍAS PUBLICADAS EN 1998 NEL N.º 14 DA REVISTA *Lliteratura*. MÁIS DEDICAO Á INVESTIGACIÓN DA LLITERATURA EN GALLEGO-ASTURIANO —PUBLICÓU EDICIÓIS D'OBRAS D'ALEJANDRO SELA (*El Tío Pepe*), FRANCISCO F. ARIAS CAMPOAMOR (*El Trato*) Y EL ANTOLOXÍA *Unde letras falan*, ADEMÁIS D'UN MAÑUZO D'ARTÍCULOS SOBRE A CUESTIÓN—, HABÍA TEMPO QUE NUN DABA A CONOCER A SÚA POESÍA. AGORA TEN PREPARAO EL VOLUME *Augua mansa*, AL QUE PERTENECEN ESTOS POEMAS.

XOSÉ MIGUEL SUÁREZ FERNÁNDEZ

A Jesús Fernández Pérez (1903-1936)

Dayundes,  
na veira d'úa parede,  
como cai el augua mansa,  
el tou corpo novo féxose terra dulce  
debaxo das aguyas dos pinos  
y dos fusiles.  
El medo y el dolor  
fixeron medrar arteiras,  
espías duras qu'aburaron ben tempo nos corazóis.  
Peró el sol seguíu verquendo días nos carreiros  
y el mar chegou ás prayas  
cua precisión das garcias  
que volven sempre col inverno.

Teis que saber qu'eu soi agora  
el último puñao d'herba  
qu'as túas maos de carpinteiro  
agarraron aquela noite fría d'outono  
como quen se prende  
al último vafo da vida.  
Y, como augua mansa,  
el tou medo,  
el tou dolor,  
súmese nel regueiro d'estas lletras.

Por eso pido  
augua mansa pra os ocos rotos polas llágrimas,  
augua mansa pras almas asullagadas pola pena,  
augua mansa pras bocas roucas de tanto berro enxor-  
decido,  
augua mansa pra os días que restan.

Consólate cos de tou.  
As mías palabras  
—torpes, probes palabras—  
queren ser a túa xusticia.

## *Al aveiro*

Dame a mao.  
Que chova fora ás concadas  
y qu'as desgracias,  
goteiras mouras,  
repiniquen frías nas ventás.  
Aquí dentro,  
al aveiro del turbón ruin da vida,  
pra nosoutros,  
outra vida.





Aquí teis úa poesía nova,  
tenra.  
Acaba de salir del forno y queima  
trembando na peira da mía mao.  
É barro bon,  
terra que deixa que la amansen,  
masa que poucos quixeron amasar  
con didos qu'apalpen y alloumiñen,  
con oyo qu'acariñen y arroupen.

Hasme a disculpar  
as metáforas mansuñadas,  
as aliteracióis sobadas,  
peró gozo féndolas renacer  
nesta llingua veyá.

Y a esa nación  
que bulliga agora na corte  
—el peleyo húmedo einda fumiando—,  
tíroye outro brazaio de palabras  
cortadas de pouco,  
brizas y chías de zume.

Qu'oleza y coya folgos,  
que mañá os camíos y as voces da terra  
han a ser a súa patria.

## *Golpes de mar*

Corres na praya.  
Véxote de llonxe  
rebrincando na barba del augua,  
fendo guiñadas a os golpes de mar que morren na veira,  
escapando d'ellos  
—burla inocente—,  
deixándoyes llamber namáis as pisuadas llixeriras  
dos tous penquíos.

Quén me dera,  
condo medres,  
qu'así de ben te safaras  
dos golpes,  
gafos verdá  
—esos si—,  
da vida.





MANUEL GARCÍA-GALANO (A RODA, TAPIA, 1922) É EL NOSO ESCRITOR MÁIS VETERANO. NEMBRO D'HONRA DEL ACADEMIA DA LINGUA ASTURIANA, XUNTÓUSE D'UN XEITO ADMIRABLE AL PROCESO ACTUAL DE RECUPERACIÓN DEL GALLEGO-ASTURIANO. Á ÉL DÉBESEYE QU'A TRADICIÓN TEATRAL NA NOSA LINGUA SE MANTUVERA VIVA. AS SÚAS OBRAS LLARGAS Y SAINETES PUBLICÁRONSE NOS VOLÚMENES *Mareaxes tapiegos* (1993) y *Erguendo el telón* (2000). GANADOR EN 1995 DA PRIMEIRA EDICIÓN DEL PREMIO XEIRA DE NARRACIÓIS CURTIAS, EN *Parzamiques* (1993) DEUSE A CONOCER COMO NARRADOR, AVEZO QUE SEGUÍU MANTENDO CUAS SÚAS COLABORACIÓIS PRÁ REVISTA *Entrambasauguas* RECOPIADAS NEL LLIBRO *Vento d'outono* (2005).

A Fonte del Pico ta unde nace a sésiga que se forma al xuntárense el fondal das cortías da que foi a mía casa na Roda col que baixa d'Abreiras y s'estende aló camín da Senra das Veigas, que la partíu al medio a vía d'un ferrocarril pol que tanto prigarón os nosos antepasados y que, condo chegóu, xa nun valiría pra nada.

Tía eu ganas de volver a ver axeito algús sitios polos qu'anduvén de neno, entre elos a fonte que, ademáis de darnos auga pra beber, inda ye sobra pra encher a poza unde as sufridas mueres, arrodiadas delante d'un lavadoiro, quitaban a cotra da nosa roupa. Xa nun hai río de lavar, nin cuase auga na fonte —«Roubóuya el túnel del ferrocarril que pasa por debaxo»—. Y nun topéi aquel regueirín que, como úa colobra, eslimaba pol prado abaxo; nin ta tampouco el ocalitrón qu'aveiraba el río y a fonte, y ye poñía a aquel paraxe un certo encanto y úa intimidá aproveitada, de vez en condo, por algúa parexa de namorados.

Cheguéime tamén al campín unde a noite máxica de San Xuan se fía a gran fogueira que lougo saltaban os mozos y al redor da que bailaban al son d'úa cordión que tocaba el Roxo de Sueiro, pr'acabar despóis divirtíndose cuas trastadas cambiando de sito un carro, un vasadoiro ou úas carretas, cousa que nun se pode fer agora porque xa nun hai esas arabías nas corradas. Y escascar un ovo nun vaso d'auga, y esperar a pola mañá a ver si se fía el milagro da transformación.

Y vin El Xardín del Valle, nel que xogábamos á biyarda, qu'era el noso béisbol. Máis d'úa vez el biyardín, cua forza que ye petaba Ricardo del Capataz, puido espetársenos na cara y darnos un disgusto. Nun sei por qué a aquel campín pequeno na veira del aira ye chamaban El Xardín, pois nun había nél ningúa clase de prantas. A cousa é que me pintóu muito máis pequeno. ¿Por qué será qu'as cousas que recorda ún de condo neno nos parecían máis grandes entoncias qu'ahora?

Grande tamén me pintaba, daquela, a naranxeira qu'asolombraba a ventá del meu cuarto y na que



pasaba as noites un merbo que polas mañás cedo me daba un concerto qu'eu tanto ye agradecía. Hasta qu'un día paróu de cantar, deixóume prantado sin máis explicacións y foise. Pode qu'en busca de parexa. El que nun sabe el merbo é qu'inda teño grabados na mía cabeza aqueles trinos sous qu'escuitéi hai setenta anos.

Vin máis sitios, todos os qu'a tarde deu de sí. Deixéi prá cayida del sol el última visita al Pico da Pena, alí a unde meu padre me levara úa noite de setembro pra escuitáremos sentados derriba d'un penedo a banda de música que tocaba en Salave, na verbena da Porteiría. Eu nun cría que podésemos ouguila dende tan lonxe, pero meu padre sabía qu'a noite —«clara y serena», como Conrado escribira— era propicia pra escuitala.

Y esperamos con pacencia, mirando el paisaxe —terra y mar— sin máis luz qu'a da lúa, recorrendo cua mirada a gran ventá que tíamos aberta dende Ribadeo a Porcía. Y entretuvémonos vendo parpadar el faro de Tapia y os autos que, como viermos carpinteiros, adiviábamos máis que víamos, subindo y baxando A Costa das Galerías. Y, nel medio, Salave. Y lougo, el estoupido d'un cuete. Era el anuncio de qu'empezaba a verbena.

Eu nun sei relatar el que sentín al ouguir os primeiros compases d'aquelos sois que, a pesar da distancia, chegaban tan ben a nosoutros. Cóstame caro describir as emocións; mía bola nestos casos dicía «nun se m'amaña». Nin tampouco m'acordo del tempo que tuvemos alí. Del que sí m'acordo, y nunca m'esqueicéu, é da contestación que me deu meu padre conde ye preguntéi por qué se me poñía el peleyo de galía escuitando a música: «Por que la sintes, nenín, por que la sintes», díxome.

Por que la sintes. Nun ye fixeron falta muitas palabras pra explicarmo.

## As andolías

MIGUEL RODRÍGUEZ MONTEAVARO



MIGUEL RODRÍGUEZ MONTEAVARO (BUAL, 1990), QU'ACABÓU ENGUANO OS ESTUDIOS DE BACHILLERATO, EINDA NUN PUBLICARA MIGA DAS SÚAS POESÍAS, ANQUE LLEVA XA US ANOS ESCRIBINDO. COMO YE MANA ESO DE DAR VOZ Á SÚA LINGUA, DEDÍCASE Á MUSICA COL SOU GRUPO FOLK MEZÁ, QUE CANTA EN GALLEGO-ASTURIANO. DEL SOU POEMARIO INÉDITO *Condo s'esqueice el llume da palabra* ESCOYÉMOS CUATRO POEMAS QUE DAN FE D'ÚA VOZ BEN NOVA Y ARGUTE PRÁ NOSA LLITERATURA.

Barbuxándome al ouguido  
cuntóume que fóra  
taba empezando a orbayar,  
qu'al principio era miudín  
peró qu'as torbuadas avisan cedo.  
Díxome, tamén, mollemente,  
que marchase, qu'os outros xa lo fían,  
qu'as andolías nun esperan al inverno  
pr'aveirarse y nun esfrecer... peró, eu penso  
que nunca chegaron a sentir el frío.



## *Actores da realidade*

Nun vei quedar úa llágrima nos tou oídos  
condo perdas a pouca vergonza  
que che queda, condó la esqueizas...  
Nun vei haber insulto ou arromendo  
que t'abarque nin que che faga frente  
nin que t'anague, como fai el augua  
nas vazamares grandes nel sou mes...

Menos mal que nun vou esperarte,  
que vou marchar antias,  
antias de que volvas salir á escena.



## *Bolo*

Como camín de cosco entre as foyas enxugadas  
baxa a tenrura infinita dende el curume  
dos sous oyoys hasta a súa sonrisa.  
Pérdese el agayo de ver el futuro  
condo se tán trabayando fornadas de presente,  
que nun son máis qu'as andanzas del pasao  
estruñadas y esfrecidas, xuncidas  
fendo eco del vivido,  
da vida regalada.



# Chove

Pinga. Moya. Xebra. Esconsona.  
Verque. Atroulla. Arranca. Enmourez.

Anaga. Revive. Retona. Trempa.  
Súa. Afuraca. Lleva. Trai.

Cai. Ennubrez. Esbara. Xeme.  
Fala. Segá. Caltre. Cravuña.

Chove: el augua ta viva.  
Mañá moura,  
¡quén te tuvera nel alma!





MARISA LÓPEZ DIZ (XIXÓN, 1970) É ESCRITORA EN ASTURIANO Y GALLEGO-ASTURIANO. NA PRIMEIRA LINGUA TEN PUBLICAO EL POEMARIO *Tiempo de tristura* (1998), ADEMÁIS DE DEDICARSE AL PÚBLICO INFANTIL CON TÍTULOS COMO *Poemes de carambelu* (2007) (PREMIO DA CRÍTICA DEL ASOCIACIÓN D'ESCRITORES D'ASTURIAS) OU *Malva y el paragües máxicu* (2008). EN GALLEGO-ASTURIANO, LINGUA CUA QUE TEN VINCULACIÓN POLAS SÚAS ORÍXENES FAMILIARES EN GRANDAS, EMPEZÓU PUBLICANDO POEMAS EN REVISTAS COMO *Lliteratura* OU *Lletres Asturianas*. TA INCLUIDA NA ANTOLOXÍA DE POESÍA *Unde letras falan* (2006) Y GANÓU EN 2007 EL PREMIO XEIRA DE NARRACIÓIS CURTIAS COL RELATO «A FIYA DEL XASTRE». EL SOU ÚLTIMO FRUTO LLITERARIO NESTA LINGUA É EL POEMARIO *A terra esqueicida* (2007). AMÁIS DA SÚA FACETA D'ESCRITORA, É INTEGRANTE DEL DÚO MESTURA Y TEN PUBLICAOS DOUS DISCOS: *Agua del Norte* (2006) Y *Poemes de Carambelu* (2007), ÉSTE ÚLTIMO DEDICAO A OS MÁIS PEQUENOS.

Chegou el día que máis calor fexo en todo el ano, a últimos de xuyín. Tía os oyo grises como el cerzo de xeneiro e vía de mui lonxe levando ás costas úa historia veyá que ye contaran hai muito tempo.

Condo entróu nel pobo xa era cuase de noite. Un silencio de pedras e solombras alargadas avanzaba con él a cada paso, acompañándolo como un can naquel viaxe escuro, quebrao namáis pol ruido cansado dos sous pasos y, aunque taba avezao á soledá dos días, alí en medio d'aquel pobo escapao da memoria, sentíu úa tristeza desconocida que ye mazaba el corazón a golpe d'incre, deixándoye nel alma el sabor amargo das figueiras.

Pensóu qu'aquela sensación de vacío y d'angustia que nun lo deixaba respirar tía máis que ver cua debilidá, col cansancio qu'arrastraba os últimos días. Botóu úa oyuada al redor. Nun había naide, nin el barrunto lixeiro d'úa presencia detrás das ventás, nin el ladrido insistente dos cais. Naide.

Sólo as casas veyas de louxaos profanaos pol mofo, que se desdibuxaban na noite. Paróuse al pé da igrexa, qu'einda conservaba a campá que perdera a voz xa hai muito tempo, como os mortos esquecidos y a súa memoria convertida en ósos qu'asoman nas sepulturas. A imaxe escura y mole d'un gato cruzóu delante d'él perdéndose ente as ruinas d'aquelas casas e deixando el rastro verdoso d'us oyo redondos como dous botóis.

Despóis de descansar un pedacín, empezóu a andar outra volta mirando á esquerda y á dereta pra ver se vía a alguén a quen ye perguntar por un sito unde dormir. Però nun víu a naide.

Dolíanye as pernas e soupo que xa nun podería aguantar muito máis tempo andando. Atravesóuye el peto un sentimento d'abandono asomeñado al dos animais que se deitan á veira dos carreiros pra morrer, cua boca aberta y enseñando os dentes col xesto delator da morte. Sintíu a luz fría da lúa dándoye na cara, derramándose naquel pobo como un sudario inesperao, cubrindo aquela soledá que se ye cravaba nel alma.

Apetecía-ye gritar, deixar qu'as palabras se perderan nel aire igual que páxaros nos últimos días del verao, pero guardóu silencio, como se tivera medo a qu'el paisaxe ye devolvera a súa voz rota como úa pedra.

Ardíaye a frente e todo ye daba voltas. Cruzóu a ponte veyá de madeira y, entoncias, víu úa lucía núa das ventás da última casa. Apuróu ainda máis el paso y achegóuse á casa, petando na porta cuas poucas forzas que ye quedaban.

Abríuye úa moza que levaba úa vela núa mao. Tía os ocos grandes y el pelo largo e mui escuro, como se fora el manto da virxe.

—Búas noites —dixo él.

E xa nun s'acordaba de máis. Vencido pol cansancio y a calentura, debéu desmayarse nese momento. Condo despertóu, encontróuse deitado núa cama de madeira. Dolíaye todo el corpo. Ela deuye a beber úa sopía núa conca pequena que ye achegóu a os labios.

Pasóu asina tres días, delirando e baño en sudores, y en todo ese tempo ela nun se separara nin un minuto da veira da cama. Al cuarto día, salíu d'aque-la casa ben cedo. Taba amaecendo, ainda as solombras poblaban os carreiros. Miróu pr'atrás, pero ela nun taba. Namáis se vía a silueta moura da casa, qu'agora parecía ainda máis veyá e sola.

Anduvo muitos quilómetros antias de chegar al barín qu'había al pé da carretera xeneral. Condo entróu, el taberneiro miróulo como se vira úa pan-

tasma. A aquelas horas era mui raro ver a naide por alí, aparte da xente del poble.

Despóis d'intercambiar algúas palabras el forasteiro soltóuye:

—¿Vive muita xente nel poble d'ei abaxo? —dixo al tempo que fía un movemento de cabeza pra indicar el sito.

—Ei nun vive naide. Son os poblos que quedaron anagaos pol embalse —respondéu el taberneiro sin erguer os ocos del mostrador que taba limpando.

—Nun pode ser —dixo el forasteiro—, eu paséi tres días nún dos poblos, na última casa despóis de pasar a ponte.

El taberneiro miróulo como se tivera tolo e servíu un vaso de viño que bebéu d'úa poussa.

—Este verao houbo muita seca —dixo al cabo—. El embalse quedóu sin augua e poden verse as ruinas dos poblos que quedaron enterraos.

Féxose un silencio denso, quebrao namáis pol canto d'un galo. El forasteiro salíu e miróu dende a carretera pr'abaxo con recelo, como se s'asomara a os infernos. El taberneiro tía razón: alí nun había máis que montóis de pedras, nun había rastro de vida, nun había nada...

Condo el taberneiro salíu á porta, el forasteiro xa nun taba. Nun quedaba máis qu'el cerzo estendéndose como el alento frío d'un boi.



BELÉN RICO PRIETO (A VEIGA, 1959) É MAESTRA. GÚSTAYE DICIR QUE NACÉU ENTRE AS INCRAS Y EL OLOR DEL PAN, RECORDANDO OS OFICIOS DA SÚA FAMILIA. ESCRIBIR É PRA ELLA ÚA NECESIDÁ VITAL, PERÓ HASTA HAI POUCO NUN SE DECIDIRA A PUBLICAR MIGA DEL QU'ESCRIBÍA. FOI NA REVISTA *Lletres Asturianas* 89 (2005) CONDO VÍU A LLUZ A PRIMEIRA PROSA — «UN ROSARIO DE MUYERES (TRES MISTERIOS Y UNHA LETANÍA)» —. TEN PARTICIPAO EN RECITALES POÉTICOS NA SÚA VEIGA NATAL, PERÓ A SÚA POESÍA NUN CONOCÉU A LLETRA IMPRESA HASTA QUE PUBLICÓU DALGÚAS NA REVISTA *Lletres Asturianas* 95 (2007). EL GRUPO FOLK DARBUKKA CANTA ÚA POESÍA D'ELLA, «FÁLALA», QUE DÁ NOME AL PRIMEIRO DISCO D'ESA FORMACIÓN VEIGUEÑA.

Heredéi  
ouguido pra sentir  
a incra y os martelos,  
a canción del malvís.

Maos lixeiras,  
qu'espriguician  
sonos y piden  
caricias.

Corpo abundante,  
osamenta menuda,  
cabeza buligueira  
chea de nubes.

Boca como un angazo  
que dice toluras,  
menos das que penso.

Heredéi unha fala  
qu'esqueice  
col tempo.

## *A Traviata*

Sei de ti,  
os teos oyo  
avesíos  
falan abondo.

Anselas que foron,  
abalencios,  
argolas,  
son adoladeiras.

Como el augua  
nunha cesta de bringas,  
a mía pena  
vaise baleirando,  
amolecendo.



## Carta a Generosa

Traime unhos escarpíos de la,  
aquí hai un neno. Dezaséis anos  
ten. Ten papel e lápiz, escribe.  
Pro ten frío, fame, medo. Traime  
tamén pan, vale de meiz, qu'el trigo  
xa sei eo que ta detrás dos montes.  
Cuando veñas, nun chores, ri ben.  
Trainos as túas xógaras brancas  
pra entre os mares d'estas penas nosas.  
Traime a túa boca colorada  
como as cereixas, como el sangue  
del compañeiro que se foi ayer.  
Nas alxabas trainos tamén  
botóis ou fabas, pra poder xogar  
xuntos al alduño. Acoquinaos  
en parexas. Nesta cárcel nun se  
pode falar d'outro xeito. Que nun  
ch'esqueizan el pan, nin os chapíos,  
nun ch'esqueiza rirte. El neno espera.  
Anda lixeira, vente lougo, que  
mañá el neno pode ser outro  
dos que leven de paseo. Ningún  
volvéu. Tampouco ha volver él.  
Nun ha fer falta qu'as campás toquen  
a festa. El rapaz, anxelín,  
vai tar cos outros. Xogando libre  
al alingole, entre más mortos.

Veis  
d'unha terra de souria,  
e nun ves  
qu'eo nun vivo sin barruzo,  
que nun respiro,  
que nun alento.

SON  
como un xunco da ribeira,  
tesa y erguida,  
que dobra col vento.

¡Déixame aquí coa orbayada!  
¡Déixame coa xelada!  
Deixa que chova por min.

EO  
hei deixarche,  
todas as fontes.  
Pra ti e prá túa sede,  
abonda  
auga.



## *Praos de lin*

Nos praos de lin,  
centos d'oyos azules  
míranme conformes,  
inocentes.  
Míranme  
e marmelan al meo paso:  
cul.pa.ble.

Son culpable,  
que nun los deixo  
fendidos col meo corpo,  
fincado noutro corpo  
cómplice del meo:  
estragayando,  
estrapelando,  
arrestroyando el herba  
dos praos de lin.

Inocente é a escavadora  
que los espolia pra sempre,  
arrancándoyes a raíz  
hasta da mía memoria.







FREDO DE CARBEXE: *Fruxes da nebra*.  
ANDOLÍA, 2007.

## Heráclito bañándose nel Porcía

Pasa el tempo y a materia cambia, tresfórmase en representacióis diferentes en aparencia, pero el espíritu permanece. Hai úa solombra que se proyecta dende a eternidá y alluma el ser, úa nebra que compón a complexidá del alma y la salva da destrucción, hai un fluir del augua qu'ê sempre outra y a un tempo é irremisiblemente a mesma: úa fruxe que s'allarga pollos camíos xelaos del tempo. Fredo de Carbexxe (Carbexxe, El Franco, 1967) sábelo y tenta de cifralla, d'atrapalla nas foyas de *Fruxes da nebra*, un poemario qu'aspira a lo universal a través da natureza y dibuxa nel mundo empírico —d'antias, d'agora— a esencia del devir.

Ventinueve poemas en versión bilingüe, escritos orixinariamente na fala y traducidos llougo al castellano, pero escritos, primeiro de todo, na escuridá del mundo, aguardando a lluz qu'habería a revelallos. Úa poesía que taba ei antias de qu'el poema fora composto, esperando el oyo qu'observara el instante preciso, a forma perfectamente simbólica, debecendo pollas palabras qu'evitaran el sou esmorecemento. Despós de *Soños de pellegrín* (2006), el autor volve agora al paisaxe propio que revivira en *Mourén dos fondales* (1997) p'atoparse a sí mesmo, y failo lliberando a forma de cualquier atadura tradicional, como xa fixera nel libro publicao hai un ano, unde afondaba na topografía del camín de Santiago. Lo mesmo qu'el proceso de búsqueda da súa lírica, Fredo de Carbexxe renóvase, pero insiste nel esencial: a llinia idealista acéntúase nesta obra y chega al sou cénit na exploración

dos paisaxes afectivos qu'a natureza ofrece. Nun momento en qu'a poesía española nun parece decidida a abandonar a experiencia crúa, diáfana y directa da vida urbana, el autor súmase á tendencia casi marginal d'escritores como Julio Llamazares ou Aurelio G. Ovies, que nos últimos anos vein tentando de revalorizar decididamente a pureza del mundo rural, pero non como úa simple evasión señardosa, sinón como símbolo da permanencia del pensamento y el sentimiento humano na hestoria.

Entroncando cuas ideas estéticas del Romanticismo, en especial cos autores alemanes, Fredo de Carboxe asoleya na súa terceira obra poética un feixe de textos que xiran sobre un mesmo eixe: a inmutabilidade d'un ideal que s'encontra porriba del mundo tanxible y qu'é difícil d'atanger, úa esencia que perdura nel ciclo imparabile del tempo al través da natureza qu'habita el home.

Esa esencia represéntase como el fluir d'un río de nebra nel poema qu'abre el llibro y vai regando llougo as páxinas, dando vida á xeografía sentimental que lo compón. El eu poético evoca esa «imaxe unde adormezo» y remonta el curso del río evocando nos elementos naturales el orixe del mundo que contempla: «Os arbolanzos texen silencio. / As Covas d'Andía y Os Llagos de Silva / adornan a mao veyá de Roma». D'este xeito, os nomes propios del paisaxe del occidente d'Asturias funcionan como realidades simbólicas nas que s'aprehende lo universal. Un paisaxe chen de colores que proyecta a súa lluz sobre el escuridá del alma y viceversa: a natureza armoniza col sentir del home dando cabida a todos os rexistros, á heteroxeneidá emocional del alma humana en xeneral. Nun se trata namás d'úa natureza briza y relhumante («Xardín de claveles turcos y petunias, / resaltan á tardía marellos coloriaos / porriba dos azules y malvas»); tamén é un paisaxe mouro que bastardía y esmorece: «Esgarece axeito el sol / nel tempo d'outono. / El fresco trai páxaros fríos / que nun cantan, nubres reverquendo solombras / ás serras d'úa tarde parda») y

incluso úa natureza qu'asollaga a vida («Un rellustro mouro / fendéu el ánima en llaxas. / Vin perder el tino, / a casa.»). Pero tras todo ese espectro de contrastes ósmanse sempre nel outro llao as «fruxes de máis alló», a esencia que perdura; nos visaxes dos outros barrúntanse os xestos antigos dos antepasaos, a casta del frío que «enala nel vento y na lluz».

Y é qu'el eu lírico outía nel silencio, pero nunta solo nel camín del tempo, síntese parte d'úa comunidá, identifícase col nosoutros y, sobre todo, col tu. Na reconstrucción del ideal por medio del recordo, dos soños, das visióis reales y imaxinadas, el outro é tamén actor protagonista del devir. Asina ocurre en «Eras música», unde el tu participa del deseo de plenitú vital del eu poético: «Bebiche augua fina / camín d'un ansia vite y nova / cua sede d'úa lluz insaciable». Outras veces, a segunda persona comparte testimonialmente a percepción de lo inefable que s'osma más alló dos seres vivos como daqué turbador: «El corpo da lluz cofaba nas llouxas / cuas nubres roxas y mestas, y foi / naquella conda trembache / al ouguir el chillar afilao / das gaviotas». Y noutras ocasióis, en fin, ese tu aparécese más ben a un receptor desdobro del propio eu poético, que fala consigo mesmo y s'interroga observándose dende úa perspectiva esterna á escena. Asina en «El corpo del augua»: «Ten outro corpo al chover, / as gotas tupen a flor del augua / d'ondas miudas d'inverno. / ¿Será dura el augua?, preguntas».

Lo mesmo que cua natureza, a identificación con esa segunda persona, cos outros, búscase xuntando na memoria diferentes momentos, visióis y recordos que conforman un xeito d'unión cósmica y intemporal: «Paséi úa foya d'un llibro, / escuitéi na memoria as cántigas, / viréime pra ti envolta en solombra / y volví tar contigo na veiga [...] y volvo ás casas brancas y baxas / na cayida rala da tarde, / conda te vexo, inda, / asina de cerca». El encontro col tu revívese y permanece asina suspendido nel tempo como persiste a fruxe na nebra fluindo nel ciclo inacabable da vida, igual que permanece intacto el corazón del espí-


ritu, «el cerno del mundo», el estao ideal conocido antias y al que se volve úa y outra vez cua memoria evitando que morra.

Nun é d'estrañar, por todo ello, qu'os versos que dan vida á captación del fluir eterno da fruxe nel río da nebra cristalice en metros diversos, que s'amolden al calce invariable pol que discurre el augua da vida y creen úa música imprevisible, con leves asonancias dacondo, con paralelismos que tresllucen a identificación del espírito a través del patrón rítmico sutil del tempo: «a mola que mima na farina, / a mezcra anti-ga da especie». En *Fruxes da nebra*, en fin, brotan poemas breves como a fugacidá das visióis, intensos como os instantes que conxelan, versos que se verquen dende a memoria y a imaxinación y que fluyen al sou gusto, retratando a implicación del suxeto nel mundo, el sou paso fugaz polla eternidá. «Vein nel aire, úa y outra vez, / estas llapas d'augua, / estos fillos de nebra / encontra da ponte madura. Y el río vólvese atoxadizo / querendo garrarse á vida».

RICARDO ÁLVAREZ-SAAVEDRA COMBARRO









AURORA GARCÍA RIVAS: *Trinquilintainas*.  
TRABE, 2007.


## Emoción y verdad

El último poema d'este segundo libro d'Aurora García Rivas escrito en gallego-asturiano lleva el título ben significativo de «A miña Ítaca». De dalgún xeito resume el tono de todo el poemario: un viaxe circular al territorio unde se formóu a consciencia da poeta y que nun é outro qu'as ribeiras del Eo, el río, que, al rovéis qu'el mito romano nun é el del esqueicemento senón el da memoria. Viaxe circular como lo é tamén a vida y unde a referencia a saberse heredeira d'úa xeografía, d'un paisaxe, d'úa llingua, d'un xeito de tar nel mundo, opera como materia prá creación. Cito, llargamente, el poema: «Volvo a Ítaca, eu tamén, / —dulce terra miña— / dunde bandadas de páxaros velan as nubes, / dunde as estrelas / dibuxan camiños e quimeras y a casa / do meu pai agárdame cos cuarteróis / entornados, / unha conca de leite con pan / y o lume d'un carballo alumando / a miña escuridá». Volver a Ítaca como metáfora coyida da lliteratura clásica grega qu'é metáfora universal del regreso. Pero un regreso imposible porque aquello que se deixóu xa nun é posible volver a atopallo namáis que na memoria. Querse dicir, na materia exacta na que medran os poemas de *Trinquilintainas* que, a pesar da sonoridá infantil del título, fai lembrar máis ben el aire tráxico da perda: «Nun sei a dúnde, os páxaros fuxiron / y atolado o vento estróume a piel / d'adormideras. Esquencéume a señardá, / somentéi como puiden a herencia / que me toca / pra quedarme pra sempre xunto ó mar / co seu abrazo de friaxe en abertal» («Abril», p. 43).

El llibro ta xebrado en dúas partes, ou en dous tempos, se femos caso al autora: «El tempo dos álamos» —«aqueles que cantaban ó aire do outono, erguidos como vixilantes da vida y dos días», diz a poeta— y «el dos cipreses» —«erguidos tamén, coa folla afilada todos os días do ano»—. Y é ben al xeito a denominación, porque nese tempo dos álamos, cúa súa foya temporal que s'anova ano tres d'ano, fai que se nos renembre el tempo primeiro, auroral, nel que'l nacemento físico al mundo é tamén trasunto del nacemento a úa terra que marca fatalmente a configuración del ser: el aldea «Era aquela a miña aldea / cinco casas / cinco álamos / y o vento» («A miña aldea», p. 11), aquelas irrepitibles mañás da infancia —«A mañá era entoncias / unha gata / d'ollos de raposa / que lle afilaba / as uñas ó aire» («A mañá», p. 23)—, el orbayo —«Nun che conto o triste / que resulta este orballo» («Orballo», p. 29)—, y, naturalmente, a casa, el espacio primordial que define el que somos, el que fomos y el qu'esperamos «¿Quién chamará de noite / ós dioses que manteñen / encendidas / as muchicas da lareira?» («A casa», p. 31). Y el tempo dos cipreses, que cúa perennidá da súa foya verde marca a presenza del camposanto, el recordo certo da morte, el acabo de todos os viaxes: «Xogar sin saber o qu'hai escondido / na mao zarrada d'ese neno / tramposo / qué a vida [...]» («O xogo da vida», p. 51). É el regreso da poeta del viaxe da vida, buscando aquello que foi y que, de dalgún xeito, permanez, como permanecen as cousas verdadeiras: «É esta outra primavera: / sol de dous rais, rabuñeiro, / acabado de fundir / na forxa d'un inverno de carambelas» («Algo tan sinxelo», p. 61).

Al cabo, trátase d'un llibro ben intenso unde el sou llinguaxe sinxello y a súa claridá formal namáis axudan a poñer emoción y verdá.

IGNACIU LLOPE



MARÍA JOSÉ FRAGA SUÁREZ: *Terra de pataricos*.  
ACADEMIA DE LA LINGUA ASTURIANA -  
SECRETARÍA LINGÜÍSTICA DEL NAVIA-EO, 2007.

## Días de garipola

Nos primeiros días del 2007 asoleyábase *Terra de Pataricos*, el primeiro llibro de poemas del autora franquía que dous anos antias nos deixara *Cua lluz prendida*, el qu'é hasta el momento el miyor conxunto de relatos nel panorama da lliteratura eonaviega.

Nesta nova obra el autora fai recorrer al llector tres nougos temáticos a través da metáfora del Patarico como representación del sinsentido, de todas as pantasma que talían al náufrago qu'é el home na súa isla y ye achegan el medo y dolor de lo ilóxico y cruel.

Como contrapunto da solombra del Patarico gruman os recordos, el amor, as ilusióis y el pasao feliz nel empezo del llibro; mochicas de lluz que s'espeyan en «El augua da vida», un feixadín de poemas nos qu'ás veces parecen os ecos da infancia en clave de xogos infantiles: «Condo sube a marea / tírome de calón / da túa arribada embaxo, / triple salto vital / con un pincha carneiro / nas túas senras sacretas».

Peró el desacougo permanente vive «Nel oyo del patarico», el segundo grupo de poemas, unde el dios observador y incomprendible é sinónimo del dolor, a morte y el abandono: «un nome que cuspir / úa idea pra estruñar, / un criador imperfecto / como as súas criaturas». Sin embargo, os seres qu'habitan «El Isla», el terceiro conxunto de poemas, disfrutan —como náufragos— de belugas momentáneas núa existencia sempre amenazada, porque «el isla qu'habitamos / vai-la tragar el mar / y a nosotros con ella».

El augua atraviesa as páxinas como motivo cambiante, en consonancia con lo mudable del sentimen-

to: a del mar, chía d'esperanzas y ilusióis («Hei de coserche un vistido / cortao d'augua de mar, / cuas ondas como volantes / y cinto d'ouca y sedal»); a dos vasos que s'enchen pra matar a sede vital («Dioses: empicar os vasos / col augua da vida»); pero tamén el augua d'úa lluvia ácida nun mundo atollarao nel que «andamos por camiós / que chegan a nayundes».

Nel tarrén de lo formal, a multiplicidá de voces poéticas xoga con un llector qu'úas veces se descubre confidente da primeira persona («Como nun teño máquina quitaneves, / retiro a paladas a tristeza / antias d'abrir a porta») y outras, síntese apelao como copartícipe de lo que s'espresa («sabes, tu ben lo sabes, / de pedras que nun funden, / túneles sin salida, / nevariado en agosto») ou simple espectador d'un mundo revelao («Condo se dibuxa el cielo, / tresparente, a sí mesmo, / circulan os avióis / nas súas rutas d'espuma»).

Os versos de María José Fraga axugan d'un xeito natural os ecos da tradición llírica de romances y cancióis pr'aneinar («Ten el neno nos oyo / fornigas d'augua. / Son os didos del sono / condo lo chama») ou el maxisterio nos metros convencionales («Despós de peneirar as mías palabras / pra estremar as que sanan das que doyen, / as que quedan nel aire sei que poden / ser semente na terra que llabras»), cua musicalidá sutil del verso llibre y a precisión das palabras

escoyidas pra trer al ouguido el vaivén das olas, el vento escuitón «aneinando / el soliloquio dos insomnes» ou el compás da tranquilidá del sono: «Condo durmes / dibuxas abanigos. / Puxas un abalancio / que me lleva y me sube, / atanigas a calma / que tremba suspendida».

Os poemas de María José Fraga son galanos qu'inundan a lliteratura en fala d'existencialismo, auténticos intentos d'asimilar a realidá ante a dificultá pra explicar úa vida gobernada pol caos y a incertidumbre d'un azar sin xeito. El autora caríase cua lluita por fer frente ás preguntas sin resposta y ás arribadas sin fondo del recordo, úa das muitas pantasma que se conxuran nas súas llinias, «unque pra conseguillo / nun haxa outro romedio / que morir un pedazo, / esqueicer lo esqueicido, / descansar de min mesma».

Polla súa destreza formal, polla súa sensibilidá llírica, pol carácter contemporáneo y universal del mundo afectivo que se despliega nos sous versos, en suma, é este un llibro imprescindible y sorprendente, que vén continuar y consolidar a renovación lliteraria na fala; un síntoma claro da vitalidá da llingua y un auténtico placer pra os llectores.

RUTH GONZÁLEZ RODRÍGUEZ





AURORA GARCÍA RIVAS: *Contos, ducia e media d'eles*.

TRABE, 2007.

*Todo acabou quizáis,  
agá el meu dolo*

El dos contos é un xenero literario abondo amolao dentro da Literatura, sempre á solombra das miyores posibilidades comerciais da narrativa grande, a novela. Pero hai algo nún bon libro de relatos que piya a muitos lectores; y esta obra d'Aurora García Rivas, escritora premiada y aponderada nos últimos anos polas súas obras na fala ou en castellano, ben val pr'atesar el que digo.

Contén este volume muitas acordanzas, amura nél a defensa d'un mundo que s'acaba, podemos darnos de conta da presenza da morte, da vida, del paso del tempo ou del amistá; y abúltanos xa dende el empezo que todo elo nun sían máis que maneras distintas d'amostrar úa mesma idea aponderada nel pico d'esta obra: a señardá. Ascaso el mundo que xa nun existe, a vida que se vai y el amistá qu'houbó tían falándonos d'úa pérdida. Aurora escribe pra volver ter esa pérdida, sabendo, como saben todos os señardosos, qu'é de lei perder pra ganar. É necesario falar del obxeto perdío, invocar a súa existencia úa vez tres outra, pra telo xa pra sempre.

En todas estas narracióis hai un obxeto. Simbolismo. Cousa, animal ou conceuto. Metáfora d'outra realidá qu'é a que de verdá empuxa á señardá. Son todos elos obxetos simbólicos, como ese *perrón* del Zahir de Borges, espeyo del amor y da moza perdida, y da qu'el protagonista del relato nun se pode desfer.

Caxas, un prato de loza, un paraugas, úa navaya de prata, el teléfono, el timbre, a moñeca, a caixa de música, el can, a pita ou a mesma fatedá. Son cou-

sas que se perden, que se queren perder ou qu'esconden algo que ta perdío. Señardá. Esconden y guardan el sentir del autora por un mundo/cultura/lingua que se vai y a quen máis tarde ou máis cedo hemos deixar.

Aurora diz qu'é contadora d'hesterias, pero penso qu'é máis ben poetisa. Empea a tenrura muito máis qu'a retransca, al rovés qu'os narradores lexítimos, que buscan a igualdá entre entrambas, y escoye miyor a traxedia qu'a comedia. Os poetas falan dos sous sintires y das esmoleduras dos demáis. Nun tán de chola. Son xente seria.

Amura por estas páxinas un mundo achegao qu'ela conoz ben. Y fala d'él al xeito, núa lingua correcta y poética; pero sin rebiriscoques retóricos, sabendo estremar únde acaba a prosa poética y únde empeza el outro.

Os sous contos son desiguales. Como convén. Zarra el libro «O arcón», qu'é na realidá a narración que ye da sintío a todas as demáis, pois é nela unde el autora espresa as súas razóns pra escribir y esto, nun libro de contos, vén ser igual qu'el exordio núa obra narrativa mayor. A mesma autora deixa algús comentarios respeitave d'esta narración, mui tradicional, simbólica, y na linia de muitos outros contos qu'avisan da existencia de peligros, en especial a os nenos. «O arcón» é úa d'esas hesterias que contaban, ou talmente recitaban, as nosas abolas, con un xeito particular de narrar; é tradición falada posta aquí por escrito, de manera correcta, y ta dito.

Precede a «O arcón», por seguir d'alantre pr'a trás, «A herencia», outra hesteria de pérdidas, mui ben amañada y rematada col miyor acabo posible. De muita valía, esa é a verdá.

Entresaco tamén «O can de Sabela», pol aparencia úa hesteria tradicional, pero que na realidá é muito máis literaria y refeita qu'as lendas de sempre, unde val máis a hesteria qu'a manera de contala; al rovés que nas tradicións dos nosos veyos. Hai lougo algús narracións que son auténticos exercicios de talento y sensibilidade prá autora y úa lambuada pral lector: «As

cereixas», «A Maruxa gústanye os plátanos», «O ouro dos ollos do sapo», «Lilas pra Lucía» y, un isquilín menos, «O paraugas», «Paca», «O esqueicemento», «A caixa d'acebache» y «O restaurador de muñecas». Dos demáis teño que dicir que «A tira cómica», «O arrebatado», «A arma homicida» y «A outra mitá» son contiquíos pequenos pero ambientados nel paisaxe urbano (é d'agradecer), unde el autora xoga a esconder el acabo y ás veces el obxecto da narración, zarrando este peteiro «Carta a Ana María», orixinal, gayoleira y tamén prestosa, y el relato «Virutas», hesteria que, contada por úa muyer y col agayo que ye bota a protagonista, vai muito máis lonxe qu'as hesterias de costume.

Hai, como dixeran, un gran tema estrutural, qu'é a señardá. Pero xurden tamén d'estos contos outros temas atravesaos, como el relato simbólico (que ta por todas as partes), a mitoloxía (algús gotos d'ela), as reviravoltas feitas col relato urbano y, por riba de todo, as hesterias de pantasmas (na nosa terra, d'ánimas ou aparecidos), tema tamén simbólico que ten un sito señeiro en algús literaturas, por poñer un exemplo, na inglesa (el *ghost story*). Na nosa, el relato de pantasmas é tradición falada, é pasao, é el mundo perdío ou camín de perderse al que volve Aurora a miudo y así queda espeyao nas súas narracións.

Señardá. D'ela dicía Freud qu'é úa clas de luito que s'adelantra á pérdida del obxecto. As queixas del corazón y as toleirías da razón poden levarnos a pensar qu'a señardá é algo dulce y prestoso; pero igual que pasa cuas cántigas das serenas, pode botar a perder al señardoso se nun hai un palo al que s'amarrar.

Quizáis ese palo qu'espera na *nave del futuro* da nosa lingua sía quen a soster outro conceuto de narrativa, pasando por riba del relato tradicional y das hesterias de sempre que se recitan úa vez tres outra. Ascaso entós, condo aturemos a contar na nosa lingua hesterias novas, de tempos y lugares distintos, ha ser pra esqueicer ese dolo fato tan común nas señardades.

Mentramentes, podemos disfrutar d'autores como Aurora, pra fernos recordar que «todo aquilo que foi ha vivir máis tarde» —son palabras de Rosalía—, porque «nel baleiro qu'os mortos deixan, outros han vir pra sigüiren luitando».

JOSÉ MANUEL MARTÍNEZ CASTRO







MARISA LÓPEZ DIZ: *A terra esquecida*.  
TRABE, 2007.

## *Poesía das cousas pequenas*

*A terra esquecida* é el título del segundo poemario da escritora de reigóis grandaleses Marisa López Diz (Xixón, 1978). Despóis de *Tiempu de tristura* (1998), escrito en asturiano, agora volve con un obra en gallego-asturiano.

Esta entrega nova trátase d'úa colectánea de ventiséis poemas, que, de dalgúa forma, son el mesmo poema, remiten al mesmo poema. Ou, dito d'outro xeito, é un poema llargo d'un certo tono elexiáco repartido en ventiséis fragmentos, todos entre ellos d'úa gran unidá formal y coherencia discursiva, que deixa fer úa llectura seguida de todo el llibro. El tono elexiáco sustánciase núa natureza idealizada —el paisaxe como elaboración humanizada d'esa natureza— qu'opera como materia poética, como elemento que vai recorrendo todo el texto y que val de metáfora universal al hora d'encariar úa escritura xinxella pero eficaz.

El autora treslada sentimentos, vivencias, recordos... a os fenómenos y accidentes naturales, al paisaxe como trasunto da identidá, d'aquello que xustifica el ser y deixa entender un xeito de tar nel mundo: «E nadie saberá qu'el alma / ha desferse igual que cinza / cubrendo este paisaxe / col sabor interminable da povisa» (páx. 37). Hasta a llingua materializa as virtudes da natureza: «Na mia lingua / as palabras / tein ás veces / el sabor cansao del loureiro / y as tristezas caladas da figueira» (páx. 53), núa lliteratura inscrita físicamente na terra, caltrida por referencias incluso léxicas —que nos encamían a un época atemporal condo homes, muyeres y terra conxugaban os mesmos



verbos núa harmonía mítica y mitificada— d'úa potencia evocadora ben poderosa: «Xa nun podo esqueicer / que tou feita de serzo / y arume de loureiro / como un milagro novo / que xa naide espera» (páx. 45).

Poesía de tono menor, das «cousas pequenas» (páx.7), tenta de conmover al llector botando mao d'úa señardá con un aquel de fatalismo —y tamén, por qué nun dicillo, con imáxenes que remiten al máis convencional del que se supón que ten que ser el llinguaxe poético— que remite á perda, á perda d'esa harmonía mítica da que falábamos, d'esa harmonía que vén precisamente del fondo da terra, da conxunción telúrica de terra y personas, que produz un paisaxe irrepetible unde a vida chega a toda a súa plenitú. Pero trátase d'úa vivencia esqueicida, como deixa explícito el título del poemario, quere decir, que nin a memoria da xente mantén y que namáis se pode atopar na terra, na natureza, hasta qu'a voz del poeta sía quen a rescatalla: «Eu ben sei que tou sola / e que naide ha d'entenderme / qu'os montes de xestas / calarán para sempre / el que viveron /e que todo ha de quedar / enterrao nesta terra» (páx.9).

Poesía de tono menor —dixemos—, d'un tono que s'axeita muito ben a esas cousas pequenas qu'entretexen a verdá da existencia, pero tamén «d'outro tempo» (páx. 9), porque na conciencia da poeta el tempo presente é namáis un sito ermo unde habita el olvido, parafrasiando a Luis Cernuda, y namáis nel pasao é unde s'atopa el harmonía perdida, úa harmonía qu'é reconstruible —dolorosamente reconstruible— dende úa memoria señardosa y elexíaca. D'eso trata este poemario, escrito pausada y pousadamente, como un recordatorio da verdá veyá qu'anía nel corazón da terra, que, ás veces, tamén é el corazón dos homes y mueres que la habitan.

IGNACIU LLOPE



MIGUEL SOLÍS SANTOS: *A bruxa*.  
TRADUCCIÓN DE XOSÉ MIGUEL SUÁREZ  
FERNÁNDEZ  
ACADEMIA DE LA LINGUA ASTURIANA -  
SECRETARÍA LINGÜÍSTICA DEL NAVIA-EO, 2007.

## *Un mito de medo: a bruxa*

Úa mormeira inesperada deu con Tana na cama un día escuro de xeneiro. Eso había permitirye á nena dedicarye tempo a úa das súas pasióis: a lectura. Y súa madre achegóuyee un libro antigo que falaba de mitos y, máis en concreto, da bruxa. Despóis de vencer el medo inicial que ye provocaba el personaxe da bruxa, medo que se vai a manter a lo largo de toda a lectura, Tana foi viaxando non solo polas letras senón polas escelentes ilustracióis d'aquel veyo libro.

*A bruxa* é úa hestoria truculenta cuntada por medio de dúas hestorias paralelas que ye sirve al autor, Miguel Solís Santos, prolífico escritor y ilustrador en asturiano —a traducción al galego-asturiano é obra de Xosé Miguel Suárez Fernández—, pra presentar ún dos mitos con pior prensa nel mundo da mitoloxía asturiana. Os dibuxos feitos pol propio autor vannos deixar conocer de cerca a malvada vida da bruxa (úa muyer veyá y fea), dos sous bichos (gatos arroxaos ou mortos, colobras encarnadas, escolanzos verdes, ras, fuinas y curuxas) y das súas cousas (montes embruxaos, setas velenosas, árboles con oyos, teixos sagraos, marfoyos podres...).

Nel libro que vai lendo Tana, a protagonista principal y narradora, ha ir vendo cómo actúa a bruxa, cómo se trasforma núa curuxa pra engalar pola noite, cómo talía detrás dos árboles esperando qu'os nenos salan da escola, cómo sabicha entre os bardiales, cómo escoye a nena máis lucida, cómo entra nel cuarto de Roxía, cómo ye traba nel dido, cómo ye chupa el sangue lapando hasta incharse como un globo, poñendo

el peleyo de color verde esmeralda, y cómo Roxía vai quedar desmejorada y fraque. Os padres, que pasman al ver el estao da nena, al outro día pola mañá, lévanla al médico. Don Fulxencio, el médico, ha descubrir el porqué del mal de Roxía y ha propoñeryes un rome-dio: que ye poñan úa cigua ou figa pra combatir el ata-que da malvada bruxa. A cigua hanla comprar na ten-da de Ramiro, unde s'atopa de todo y qu'arrecende a humedanza, saín, bacalao, xamón, botica, alcohol, chourizo... centos d'olores entremezcraos. Esa cigua ha ser quen a paralizar os efectos perniciosos da tra-buada da bruxa y ha provocar a súa rabia y dolor con-do quira seguir chupando nel sangue da pequena.

Nestas dúas hestorias paralelas qu'aparecen nel libro, tanto Tana como Roxía tein animais de com-paña que nun yes sirven de muita axuda, posto que pasan tanto medo como as propias protagonistas. Tana ten un gato chamado Miagón y Roxía un can de nome Meloto.

Son muitas as cousas qu'hemos poder descubrir y aprender nesta hestoria de seres fantásticos qu'al final se trasforman totalmente, dando pé a un perso-naxe novo, mutante, distinto, úa Bruxa escarmenta-da y arrepentida das súas maldades que cambia d'ali-mentación, de físico y hasta de forma de vida.

RAFAEL CASCU DO NOCEDA





AURORA GARCÍA RIVAS: *Cinco contos pra xogar coa música*.

TRABE, 2007.

## Contos pra participar

A escritora Aurora García Rivas acaba de publicar el seu último libro de contos, *Cinco contos pra xogar coa música*, editado por Trabe na súa colección Montesín. Trátase de cinco contos presentados nun único libro, escrito na variante máis occidental del galego-asturiano, con ilustracións de Helena Reyero a cores, dibuxos prestosos e chamadeiros que nos van acompañando na lectura de cada un dos contos. Todos eles persiguen o obxectivo d'estimular —como García Rivas s'encarga de recalcar—, a creatividade, a socialización, a participación, a atención e o aprendizaxe de comportamentos e actitudes positivas.

Os cinco contos xúncense a través da música qu'os mesmos nenos crean. Como o mesmo subtítulo apunta, «Contos interactivos pra nenos piquiniños», os nenos participan activamente en cada un dos contos como protagonistas esenciais, aportándoye o sonido e o ritmo ao texto.

Poden considerarse, tamén na boca da autora, como pequenas obras de teatro nas qu'os nenos nun teñen qu'aprender nada de memoria, solo poñer atención e actuar cada un condo ye toque; a idea é que cada nena ou neno faga tocar un instrumento musical cada vez qu'oiga o nome do personaxe al que previamente se ye apareyara dito instrumento. Os personaxes centrais terán instrumentos diferenciados, pero haberá tamén un coro cos mesmos instrumentos pra felos suar a un tempo, de tal xeito que todos os nenos participen en cada relato.

Nas últimas páxinas del libro danse úas suxerencias de carácter didáctico nel que s'especifican os obxetivos, contidos y as posibles postas en escena dos contos, deixando al criterio dos propios docentes cómo desarrollalos.

En «O pato Fortunato», «Vamos en un tren sin rodas nin andén», «O quequé de Sara», «O libro que perdéu as vocales», y «A princesa Clavileña», mézcranse contos al estilo tradicional, dalgús con pouso moral, y cancióis de ritmos populares con chiscos á literatura culta en personaxes como el *principín*, qu'esta vez perdera, ademáis del rumbo, as vocales del conto y tía qu'ir buscándolas pol planeta, ou *Quixote* y *Sancho*, irónicamente repoñendo torniyos perdidos...

El xogo y a poesía, el mundo dos contacontos y as cancióis, enséñanos a importancia de lo oral na formación del neno lector y, en definitiva, a descubrir ese saber aprendido na infancia y adormecido na memoria que nos pon en contacto col noso patrimonio cultural. En *Cinco contos pra xogar coa música* el autora pasíase polos contos tradicionales mostrando el importancia da música na literatura tradicional, nel conto maravioso, nos contos d'animales, mostrándonos a literatura tradicional como úa forma de tresmitirye al neno non solamente un sentido afectivo, senón el modo de involucralo nun mundo auditivo que ye vai fer vivir úa cultura que ye pertenece, y unde él pode participar y ser un héroe. Con contos como estos lógrase qu'el neno ademáis de receptor seña tamén recreador y tresmisor y que goce realmente del conto.

É ún dos poucos libros pra os máis pequenos que temos en galego-asturiano. De seguro qu'as maestras y maestros da zona van sacarye ben de miolo.

MÓNICA LOZA LÓPEZ
















EXEMPLAR DE BALDRE



GOBERNO DEL PRINCIPAO D'ASTURIAS

CONSEYERÍA DE CULTURA Y TURISMO